

ROTEIRO polo LITORAL da PENÍNSULA do MORRAZO, as ILLAS CÍES e o BAIXO MIÑO

SAÍDA en bus dende a praza do Relleno en Ponteceso ás 9:00 da mañá do martes 17 de xullo ata Marín, na ría de Pontevedra. Son aproximadamente 2 horas e media de bus.

Do 17 ao 20 de XULLO

PENÍNSULA: brazo de terra que se introduce no mar.
ILLA: anaco de terra rodeada polo mar.

CHEGADA a Marín ás 11:30

1ª ETAPA. (verde) Pola mañá, de Marín a Bueu, uns 10 quilómetros que nos levarán aproximadamente dúas horas e media. Todos os percorridos son de topografía suave, sen practicamente subidas nin baixadas, pois andamos por praias e sempre preto da liña de costa.

En Bueu comemos e coñecemos un pouco a vila. Pola tarde, despois dun bo descanso, dúas horas para percorrer os 10 quilómetros ata un camping preto da praia de Vilariño. Chegaremos ao redor das oito da tarde. Montar tendas e gozar do camping e dunha praia espectacular.

2º DÍA. (amarelo) Erguerse ás 9 da mañá e recoller, arrancamos cara a Cangas, 8 quilómetros con hora e media de camiño. Collemos o barco que nos leva ás Cies. Quedamos alí, facemos a ruta ata o faro e pernoctamos no camping

3º DÍA. (azul) Pola mañá, despois do almuerzo, collemos de volta a Cangas e dirixímonos a Moaña, 6 quilómetros pola costa en hora e media. Pola tarde collemos outro barco que nos leva a Vigo. Percorremos Vigo ata Samil, uns oito quilómetros. De Samil imos en coche ata Baiona, onde pernoctamos.

4º DÍA. (laranxa) De Baiona a Oia, onde hai un famoso mosteiro, son 15 quilómetros de ruta. De Oia á Guarda, outros 15 quilómetros onde está o final de etapa. Alí espéranos o bus que nos leva outra vez á pequena Ponteceso, o día 20 venres. Chegamos por fin ao último punto meridional da nosa ruta polo litoral.

Haberá pois que comezar o lado norte!



O MORRAZO:
Espazo xeográfico entre as rías de Pontevedra e de Vigo

ILLAS CÍES:
Illas do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Na boca da ría de Vigo.

O BAIXO MIÑO: comarca entre a ría de Vigo e o tramo final e desembocadura do río Miño.

No percorrido imos ter a oportunidade de ver os diferentes **ESPAZOS** costeiros do litoral, especialmente praias, e tamén pasaremos por entornos declarados espazos naturais protexidos.


Pararemos nos lugares máis sobranceiros para levar un pequeno coñecemento deles e a súa vinculación coa cultura, a natureza ou o patrimonio galego.

Durante as **MARCHAS A PÉ** non se leva ningún peso, a excepción dunha pequena mochila coas cousas imprescindibles, toalla pequena, algo de comer e beber..., pois o xeito de mover o material, as tendas, as mochilas, é mediante un coche que o leva ao final da ruta ata o camping onde, cando cheguemos, montamos as tendas e ceamos (máis ben merendamos pois chegamos a media tarde). Polo tanto non vos preocupedes por ir cargados durante a marcha.

Resolvemos o **XANTAR** do 1º día levando comida na mochila ou mercamos nos supermercados que atoparemos nas vilas polas que pasamos, pois ao ir en días laborables están as tendas abertas.



Os **CAMPINGS** por esas zonas son de boa calidade con servizos de cafetería, comedor, aseo, duchas, e quizais algún teña piscina. Polo tanto acordádevos de levar todo o necesario para aproveitar estes servizos



Para ir tes que presentar a **AUTORIZACIÓN** asinada por teu pai ou túa nai e entregala no instituto a alguén do departamento de Ciencias. A data límite para entregala é o venres anterior á saída pois queremos saber cantos imos para controlar o número de prazas para os campings.



Calquera alumno ou alumna do instituto pode **APUNTARSE**, incluso van ex-alumnos/as do instituto que fan de monitores, e que xa teñen experiencia nestes roteiros pois xa fixeron algún ou varios dos anteriores, pensade que comezamos en Laxe hai seis anos e que imos chegar ao punto máis ao Sur da costa galega

O **PREZO** inclúe o gasto para o bus, barcos e camping; sabedes que nos campings se cobra por persoa, por tenda e por coche, hai que pagar a praza de cada un máis a parte proporcional do gasto da tenda. Tamén hai que levar algo de cartos para mercar viandas para os seguintes días. Tedes que facer un pequeno cálculo para tres días. O **PREZO APROXIMADO** será de 25 euros bus (depende do número de participantes), 30 euros campings (3 noites a 10 euros noite) e 25-30 euros barcos (2 barcos) (80-90 € en total).

Polo tanto daremos **50 € de partida e o resto na excursión.**

DEPARTAMENTO DE CIENCIAS